

Un novo vídeo de Divulgare sobre a polinización

O premiado grupo da Universidade de Vigo presenta un audiovisual sobre os cambios fenotípicos nalgunhas plantas para atraer aos polinizadores

Por **Redacción** - 05/03/2021

Plantas que se adaptan para favorecer a súa polinización por insectos. É o tema do novo vídeo do premiado **grupo 'Divulgare'** da Universidade de Vigo, que acumula galardóns polos seus audiovisuais de divulgación científica, sempre asociados a estudos publicados en revistas de impacto.

Neste novo vídeo explican a **plasticidade fenotípica** como resultado de mecanismos presentes en moitos organismos por medio dos cales un mesmo xenotipo pode producir diferentes fenotipos cando se expón a diferentes ambientes. Coas mesmas instrucións xenéticas, os resultados poden ser distintos.

Neste vídeo **Divulgare** amosa como a plasticidade individual dentro das flores de **Moricandia arvensis** (Brassicaceae) permite a esta especie modificar o seu nicho de polinización. Durante a primavera, esta planta produce flores lilas grandes, en forma de cruz, que **reflicten os raios UV** e atraen principalmente abellas grandes de lingua longa.

Con todo, a diferenza da maioría das especies coexistentes, **M. arvensis** mantén a floración durante o verán seco e caloroso debido á súa plasticidade en trazos vexetativos clave relacionados co metabolismo fotosintético. Os cambios que se producen no verán na temperatura e o fotoperíodo desencadean **cambios na expresión xénica** e a planta comeza a producir **flores brancas pequenas**, arredondadas e que absorben os raios UV. Estas "novas flores de verán" son visitadas por un conxunto de polinizadores diferentes aos que visitan esta planta na primavera.

O artigo asociado foi **publicado en Nature Communications**